



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Lexicografía e semántica románicas

Manuel González González

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA
AUTOR: Manuel González González
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. Datos descriptivos da materia:

Materia: Lexicografía e semántica románicas

Código: G5081347

Tipo de Materia, Ciclo e Curso en que se imparte: Materia Obrigatoria de primeiro ciclo, 3^{ro} curso do *Grao en linguas e literaturas modernas*

Nº Créditos: 6 créditos ECTS

Semestral (1º Semestre)

Prerrequisitos:

Recomendados: Coñecemento elemental de latín e dalgunha lingua románica.

TITORÍAS:

Prof. Manuel González González

Lugar: Despacho 205 (2ª planta da Facultade de Filoloxía)

☐ **881811827** ☐

manuel.gonzalez.gonzalez@usc.es

O teu profesor estará ao dispor d@s alumn@s, os seguintes días, durante el primeiro cuatrimestre:

Martes: 9-11 no Despacho 205

Mércores: 10-11 no despacho 205

Xoves: 16-19 no ILG

☐

Debes distinguir entre as **titorías persoais opcionais** no despacho do profesor, no horario que encontrarás na páxina web, e as **titorías programadas obrigatorias**, que terán lugar no espazo e hora sinalados polo Decanato da Facultade de Filoloxía.

2. Sentido da materia no perfil:

I. Despois de que o alumno posúe xa un coñecemento básico xeral das características das distintas linguas románicas, adquirido na materia de primeiro curso *As linguas da Romanía*, e despois de que entrou en contacto coas primeiras manifestacións escritas destas linguas, está en disposición de afrontar o estudo do proceso de diferenciación do latín nas distintas zonas do imperio que levou á constitución das diferentes linguas románicas. Esta diferenciación prodúcese no plano fonético e fonolóxico, no plano morfosintáctico e no plano léxico-semántico.

II. A materia *Lexicografía e semántica románicas*, de 3º curso, trata de dar conta precisamente de qué hai de común e qué hai de diferencial no léxico e na evolución semántica das linguas románicas, incidindo de maneira especial na importancia que tiveron os factores de substrato e de superestrato na diferenciación románica.

III. Tamén é finalidade desta materia ofrecer un panorama do desenvolvemento dos estudos lexicográficos das linguas románicas desde a Idade Media ata a actualidade, tratando de analizar as necesidades ás que responden estes estudos en cada época.

IV. Unha vez examinado o panorama dos estudos lexicográficos na historia da lingüística románica, é necesario afondar minimamente nas características científicas que debe reunir cada tipo de obra lexicográfica, e examinar os recursos que o desenvolvemento actual da tecnoloxía pon ao servizo do lexicógrafo para a elaboración dos produtos lexicográficos.

3. Obxectivos da Materia:

1. Que o alumno se decate de que o léxico latino é a base fundamental do léxico das linguas románicas, pero tamén de que xa no latín existía variabilidade no léxico que se reflectirá nas linguas románicas.
2. Que o alumno coñeza que unha parte imponente do léxico das linguas románicas é herdeiro das linguas de substrato e de superestrato.
3. Que o alumno se decate de que, á parte do léxico herdado, as distintas linguas utilizaron procedementos propios para a creación de novo léxico.
4. Que o alumno se familiarice coas principais obras lexicográficas das linguas románicas, sabéndoa situar no seu tempo, e tratando de interpretar as necesidades ás que responden.
5. Que o alumno coñeza os distintos tipos de obras lexicográficas e a súa utilidade.
6. Que o alumno entenda, e sexa capaz de valorar, a macroestrutura e a microestrutura dunha obra lexicográfica.
7. Que o alumno coñeza as esixencias mínimas que debe reunir unha definición lexicográfica.
8. Que o alumno se decate da importancia da terminoloxía na sociedade actual.

Competencias

1. O alumno debe saber distinguir o léxico latino do herdado das linguas de substrato e de superestrato.
2. O alumno debe ser capaz de exemplificar casos de diferenciación léxica nas linguas románicas que respondan á diversidade dialectal existente no propio latín.
3. O alumno deberá ser capaz de identificar os casos de derivación e composición no léxico románico.
4. O alumno debe adquirir a destreza para saber distinguir a primeira vista na información lexicográfica, o que é información lingüística do que é información enciclopédica.
5. O alumno debe ser capaz de detectar unha definición lexicográfica incorrectamente formulada.
6. O alumno debe ser capaz de explotar e valorar toda a información que aparece nunha obra lexicográfica, non só a definición das acepcións, senón tamén a información gramatical, tecnolectal, sociolectal, etc.
7. O alumno debe de adquirir a competencia para saber acudir aos distintos corpora léxicos a través de Internet, e ser capaz de construír un artigo lexicográfico a partir da información extraída deles.

4. Contidos da Materia:

4.1. Temario:

1. O léxico latino nas linguas románicas. Vocábulos panrománicos. Innovacións léxicas no latín imperial: casos de perda e adquisición de palabras; casos de renovación semántica.
2. Innovacións léxicas motivadas pola diferenciación rexional.
3. As innovacións léxicas debidas á influencia das linguas de substrato.
4. As innovacións léxicas debidas á influencia das linguas de superestrato. O léxico xermánico nas linguas románicas.
5. As innovacións léxicas debidas á influencia das linguas de superestrato. O léxico árabe e eslavo nas linguas románicas.
6. Outros elementos léxicos nas linguas románicas.
7. Procedementos de formación de palabras nas linguas románicas: a derivación.
8. Procedementos de formación de palabras nas linguas románicas: a composición. Outros procedementos para a formación de palabras.
9. As principais obras lexicográficas na historia da lingüística románica. Os traballos terminolóxicos nas linguas románicas.
10. Os dicionarios. Tipos. Elaboración. A definición lexicográfica. O corpus con finalidade lexicográfica.

□ **Dedicaremos clases EXPOSITIVAS e sesións INTERACTIVAS a cada unidade, y reuniremonos en grupos de TITORÍAS tres veces durante o semestre:**

-Nas clases EXPOSITIVAS os profesores achegaranche información para que poidas comprender o contido fundamental de cada unidade.

-As sesións INTERACTIVAS estarán dedicadas ao comentario dalgún estudo crítico sobre o tema, ou do tratamento que se fai da cuestión estudada en distintas obras lexicográficas concretas.

-Nas TITORÍAS PROGRAMADAS avaliaremos o seguimento da materia: aclararemos as túas dúbidas e reforzaremos sobre todo o visto nas sesións interactivas.

4.2. Desenvolvemento das unidades

1. O léxico latino nas linguas románicas. Vocábulos panrománicos. Innovacións léxicas no latín imperial: casos de perda e adquisición de palabras; casos de renovación semántica.

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas)

1. Feitos históricos que influíron no desenvolvemento do léxico románico: Helmut Lüdtke.

2. O léxico latino nas linguas románicas.

2.1. Vocábulos panrománicos.

2.1.1. Partes do corpo humano: *auriculam, oculus*.

2.1.2. Relacións de parentesco: *filium, generum*.

2.1.3. Animais domésticos e salvaxes: *bovem, lupum*.

2.1.4. Vivenda: *fenestram, scamnum*.

2.1.5. Agricultura: *paleam, granum*.

2.1.6. Prantas e árbores: *arborem, fraxinum*.

2.1.7. Fenómenos da natureza: *solem, ventum*.

2.1.8. Días da semana, meses do ano e estacións: (*dies*) *dominica, hibernum (tempus), februnarius*.

2.1.9. Adxectivos: *minutus, altus*.

2.1.10. A maioría dos verbos: *credere, videre*.

2.1.11. Os numerais cardinais. Excepcións: romanés *suta* e o francés *quatre-vingt* e outros cardinais vixesimais.

2.1.12. Tódolos pronomes.

2.1.13. Boa parte dos adverbios: *hodie, quando*.

2.1.14. A maioría das preposicións e conxuncións.

2.2. Innovacións léxicas ocorridas no latín clásico da época imperial.

2.2.1. Casos de perda e adquisición de palabras.

2.2.1.1. Debido á homonimia: *bellum* ‘guerra’ / *bellum* ‘fermoso’, *omnes* ‘todos’ / *om(i)nes* ‘homes’.

2.2.1.2. Debido ó desgaste semántico: *edere* / *cumedere*, *onerare* / *carricare*, *ager* / *campus*, *pulcher* / *formosus-bellus*, *ludere* / *iocare*, *flere* / *plangere-plorare*...

2.2.1.3. Debido ó desgaste semántico e á homonimia.

2.2.1.3.1. Substitución: *os* ‘boca’ - *bucca* ‘fazula’ / *os* ‘osso’.

2.2.1.3.2. Derivación.

2.2.1.3.2.1. Sufixación: *vulpes-vulpecula*, *ilex-ilicina*, *apis-apicula*, *auris-auricula*, *agnus-agnellus*, *ovis-ovicula*, *avus-aviolus*, *acus-acucula*, *unguis-ungula*.

2.2.1.3.2.2. Prefixación: *initiare*-**cuminitiare*, *cedere-concedere*, *ducere-conducere*, *flare-inflare/afflare*.

2.2.1.3.2.3. Sintagmas: *cras* / *mane* / (*hora*) *maneana* ‘mañá’

2.2.2. Casos de renovación semántica.

2.2.2.1. Por estreitamento de sentido ou especialización do uso: *cognatus*, *necare*, *levare*, *pullus*, *paganus*, *fortuna*.

2.2.2.2. Por ampliación de sentido ou xeneralización de uso: *poena*, *laxare*,

sedere, stare, passer.

2.2.2.3. Casos de concretización de abstratos: *exemplum, piscatus, ingenium.*

2.2.2.4. Casos de transferencia semántica: *focus, testa, papilio, coxa.*

SESIÓNS INTERACTIVAS (2 hora):

Haberá unha hora dedicada ao exame do mapa do Atlas Linguistique Roman "mane" (de M. Alinei) e outra hora dedicada ao seguimento na Romania de exemplos concretos de innovacións léxica e semánticas con orixe xa no propio latín.

Lecturas recomendadas:

Helmut Lüdtke: *Historia del léxico románico*. Madrid: Gredos, 1974.

Gerhard Rohlfs: *Estudios sobre el léxico románico*. Madrid: Gredos, 1979.

Actividade específica para o alumno:

Iorgu Iordan & Maria Manoliu: *Manual de lingüística románica*. Madrid: Gredos (1ª ed.: 1972). Tradución de Manuel Alvar.

V. Väänänen: *Introducción al latín vulgar*. Madrid: Gredos, 2003.

VV.AA.: *Atlas Linguistique Roman*, vol. 1, vol. 2, vol. 2b. Roma: Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato, 1996-2010.

Escribir un comentario sobre os cambios semánticos producidos nos descendentes románicos de *testa, focus* e *paganus*.

Proporcionarase nova bibliografía específica ao comezo da unidade.

Calendario:

Setembro: días 15, 16 e 22.

2. Innovacións léxicas motivadas pola diferenciación rexional.

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas):

1. Algúns factores que influíron na diferenciación rexional.
 - 1.1. O influxo dos substratos.
 - 1.2. A irregular distribución do propio vocabulario latino.
 - 1.3. A presión das linguas de superestrato.
2. Un intento de sistematiza-lo fenómeno: as “normas areais” de Bartoli.
 - 2.1. As cinco normas de Matteo Bartoli.
 - 2.2. Algunhas excepcións.
3. Distintas agrupacións territoriais na distribución do léxico románico.
 - 3.1. Rumania oriental vs. Rumania occidental: *plangere / plorare*.
 - 3.2. Iberorromania e Balcanorromania vs. Galorromania e Itallorromania: *afflare / tropare, formosus / bellus, mensa / tabula, rogare / precare*.
 - 3.3. Galorromania (co catalán) e Balcanorromania vs. Iberorromania e Itallorromania: *avunculus / thius*.
 - 3.4. Iberorromania (excepto catalán) vs. resto da Rumania: *comedere / manducare*.
 - 3.5. Romanés e sardo vs. resto da Rumania: o concepto de ‘saber’.
4. Outros exemplos de diferenciación rexional no léxico románico:
 - 4.1. Denominacións do concepto ‘ir’ na Rumania: *ambulare / ire / vadere*.
 - 4.2. Denominacións do concepto ‘año’ na Rumania: *agnus / agnellus / (agnus) chordarius*.
 - 4.3. Denominacións do concepto ‘cabeza’ na Rumania: *caput / capitia / testa / conca / *cocia*.
 - 4.4. Denominacións do concepto ‘mañá’ (adv. e subst.) na Rumania: *cras / mane / (hora) *maneana / (hora) matutina, (tempus) matutinum*.
 - 4.5. Denominacións do concepto ‘chegar’ na Rumania: *(advenire) / plicare / adripare*.

SESIÓNS INTERACTIVAS:(3 horas)

Nas sesións interactivas, examínase a produtividade na Rumania das familias de *caput* e *testa*, que dará pé para reflexionar sobre a produtividade destas bases nas distintas zonas da Rumania, a evolución semántica e a especialización de significados.

Lecturas recomendadas:

Helmut Lüdtke: *Historia del léxico románico*. Madrid: Gredos, 1974.

Gerhard Rohlfs: *Estudios sobre el léxico románico*. Madrid: Gredos, 1979.

Actividade específica para o alumno:

Iorgu Iordan & María Manoliu: *Manual de lingüística románica*. Madrid: Gredos (1ª ed.: 1972). Tradución de Manuel Alvar.

Actividade para os alumnos:

O alumnos tratarán de facer unha pequena crítica sobre o valor das normas areais de Bartoli.

- Facilitarase bibliografía específica ao comezo da unidade

Calendario:

Setembro: días 23, 29, 30

3. As innovacións léxicas debidas á influencia das linguas de substrato.

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas):

1. Introducción:

1.1. Coñecemento deficiente das poboacións autóctonas prerromanas e das súas linguas.

1.2. Fontes para o coñecemento da situación lingüística prerromana.

1.2.1. Os testemuños dos autores latinos.

1.2.2. A importancia da onomástica: toponimia e antroponimia.

1.3. Escaseza de termos prerromanos nas linguas románicas.

2. O latín e as linguas prerromanas.

2.1. O latín e os dialectos itálicos: osco-umbro, lígur, etrusco.

2.1.1. Vocábulos de orixe osco-umbra.

2.1.2. Vocábulos de orixe etrusca.

2.1.3. Vocábulos de orixe lígur.

2.2. O grego.

2.2.1. Helenismos específicos de certas linguas románicas.

2.2.1.1. Helenismos no romanés, debidos á veciñanza xeográfica.

2.2.1.2. Helenismos no Mediterráneo francés, procedentes de colonizacións anteriores ós romanos.

2.2.1.3. Helenismos nos dialectos meridionais de Italia e en Sicilia, procedentes da colonización grega da Magna Grecia.

2.2.2. Helenismos asimilados polo latín e transmitidos ás linguas románicas como voces patrimoniais.

3. Léxico autóctono no dominio galorrománico: o galo.

3.1. Voces introducidas no latín e transmitidas ás linguas románicas como patrimoniais.

3.2. Voces específicas do francés e dos dialectos do norte de Italia.

4. Léxico autóctono no dominio iberorrománico

4.1. Dificultade para a identificación das linguas autóctonas prerromanas na P. Ibérica.

4.2. Os celtas e os íberos.

4.3. O presunto parentesco entre o vasco e o ibérico.

4.4. Unha P. Ibérica prerromana multilingüe.

4.5. Voces procedentes de substrato prerromano na P. Ibérica.

5. Léxico autóctono no dominio balcanorrománico.

5.1. Identificación do substrato léxico romanés a través do albanés.

5.2. Voces prerromanas, probablemente de orixe ilírico-tracia.

SESIÓNS INTERACTIVAS (2 horas):

Nas sesións interactivas tratarase de reflexionar sobre a importancia do substrato celta na lingua galega.

Bibliografía recomendada:

Helmut Lüdtke: *Historia del léxico románico*. Madrid: Gredos, 1974.

Gerhard Rohlfs: *Estudios sobre el léxico románico*. Madrid: Gredos, 1979.

Actividade específica para o alumno:

Iorgu Iordan & Maria Manoliu: *Manual de lingüística románica*. Madrid: Gredos (1ª ed.: 1972). Tradución de Manuel Alvar.

- Facilitarase bibliografía específica ao comezo da unidade

Calendario:

Setembro: 30

Outubro: 6, 7

4. As innovacións léxicas debidas á influencia das linguas de superestrato. O léxico xermánico nas linguas románicas

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas).

1. Elementos xermánicos nas linguas románicas: xeneralidades e criterios de clasificación.
 - 1.1. Contactos romano-xermánicos desde o século I ó séc. V: tres estratos cronolóxicos..
 - 1.2. Problemas que presentan os xermanismos.
 - 1.2.1. Xermanismos introducidos no latín vulgar e transmitidos á maior parte das linguas románicas.
 - 1.2.2. Xermanismos independentes ou específicos de cada lingua.
 - 1.2.3. Xermanismos transmitidos por intercambios das propias linguas románicas.
 - 1.3. Criterios de clasificación de Pogatscher.
2. Exemplos de vocábulos xermánicos nas linguas románicas.
 - 2.1. A través do latín vulgar.
 - 2.1.1. Substantivos.
 - 2.1.2. Adxectivos.
 - 2.1.3. Verbos.
3. Específicos de cada lingua románica.
 - 3.1. No dominio italarrománico.
 - 3.1.1. Léxico de procedencia gótica.
 - 3.1.2. Léxico de procedencia longobarda.
 - 3.1.3. Léxico de procedencia bávara.
 - 3.1.4. Léxico de procedencia francona.
 - 3.2. No dominio galorrománico.
 - 3.2.1. Léxico de procedencia francona.
 - 3.2.2. Léxico de procedencia burgundia.
 - 3.2.3. Léxico de procedencia visigótica.
 - 3.2.4. Léxico de procedencia escandinava.
 - 3.3. No dominio iberorrománico.
 - 3.3.1. Léxico procedente do xermánico dos suevos, vándalos e alanos.
 - 3.3.2. Léxico de procedencia visigótica.
 - 3.4. No dominio balcanorrománico.
 - 3.4.1. Posibles elementos léxicos de orixe xermánica antiga (xépidos) no romanés moderno.
 - 3.4.2. Discusión sobre a existencia de voces xépidas no romanés moderno: Diculescu, Gamillscheg, Löwe / Tagliavini, Roesler.

SESIÓNS INTERACTIVAS (2horas)

Nas sesións interactivas reflexionarase sobre a importancia da achega xermánica ao léxico galego, e da importancia deste superestrato na toponimia de Galicia.

Actividade para os alumnos:

Lecturas recomendadas:

Helmut Lüdtke: *Historia del léxico románico*. Madrid: Gredos, 1974.

Gerhard Rohlfs: *Estudios sobre el léxico románico*. Madrid: Gredos, 1979.

Actividade específica para o alumno:

Iorgu Iordan & Maria Manoliu: *Manual de lingüística románica*. Madrid: Gredos (1ª ed.: 1972). Tradución de Manuel Alvar.

Proporcionarase bibliografía complementaria ao comezo da unidade.

Calendario:

Outubro: 13, 14, 20

5. As innovacións léxicas debidas á influencia das linguas de superestrato. O léxico árabe e eslavo nas linguas románicas.

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas)

1. Léxico árabe.

1.1. A presenza árabe na Romania.

1.1.1. Os árabes na Península Ibérica (711-1492).

1.1.2. Os árabes en Sicilia (séculos IX a XI).

1.2. Arabismos nas linguas románicas.

1.2.1. Vías de penetración:

1.2.1.1. A presenza árabe na Península Ibérica e en Sicilia.

1.2.1.2. As actividades comerciais no Mediterráneo.

1.2.1.3. A proximidade xeográfica do Imperio turco no caso do romanés.

1.2.2. Dous tipos de arabismos segundo o medio de introducción nas linguas románicas.

1.2.2.1. Arabismos introducidos por vía oral.

1.2.2.1.1. Aglutinación do artigo árabe no dominio iberorrománico.

1.2.2.1.2. Ausencia de artigo fóra da Iberorromania.

1.2.2.1.2. Arabismos introducidos por vía escrita.

1.2.2.1.2.1. A través de traducións latino-medievais de textos árabes.

1.2.2.1.2.2. Ausencia de artigo árabe aglutinado.

1.2.3. Distinta incidencia do léxico árabe nas linguas románicas.

1.3. Arabismos nas linguas iberorrománicas.

1.3.1. Segundo caudal léxico en orde de importancia, despois do latino.

1.3.2. Ámbitos de significación máis importantes.

1.3.2.1. Léxico relacionado coas matemáticas, astronomía, química...

1.3.2.2. Léxico relacionado coa terminoloxía militar.

1.3.2.3. Léxico relacionado coa terminoloxía administrativa.

1.3.2.4. Léxico relacionado cos xogos de diversión.

1.3.2.5. Léxico relacionado coa agricultura.

1.3.2.6. Léxico relacionado coa actividade comercial.

1.3.2.7. Léxico pertencente á vida maríñeira.

1.3.2.8. Léxico relacionado con produtos industriais.

1.3.2.9. Léxico relacionado co vestido.

1.3.2.10. Léxico relacionado cos útiles da casa.

1.3.2.11. Nomes de plantas.

1.3.2.12. Nomes de animais.

1.3.2.13. Adxectivos, verbos, preposicións.

1.3.2.14. Topónimos.

1.3.2.15. Compostos de WADI 'río'.

1.4. Arabismos nas linguas italo-románicas.

1.4.1. Ausencia de artigo árabe aglutinado.

1.4.2. Ámbitos de significación máis importantes: comercio e agricultura.

2. Léxico eslavo.

2.1. A presenza eslava na Romania.

2.1.1. Invasións eslavas na Península Balcánica.

2.1.2. Influencia só no romanés.

2.1.3. Factores que favorecen a entrada de eslavismos no romanés.

- 2.1.3.1. Supremacía administrativa e política das tribos eslavas.
- 2.1.3.2. Eslavización da igrexa católica romana.
- 2.2. Dous estratos de eslavismos.
 - 2.2.1. Eslavismos asimilados na fase do protorrománico (séc. VII-IX).
 - 2.2.1.1. Adxectivos.
 - 2.2.1.2. Substantivos.
 - 2.2.1.3. Verbos.
 - 2.2.1.4. Prefixos e sufixos como *ne-*, *raz-*, *-ac*, *-□□□*, *-□□□□□*, *-nic*, etc.
 - 2.2.1.5. Topónimos.
 - 2.2.2. Eslavismos incorporados en tempos recentes.

SESIÓNS INTERACTIVAS (2 horas)

Nas clases interactivas reflexionarase sobre a importancia do léxico de orixe árabe na agricultura e na organización social.

Lecturas recomendadas:

Helmut Lüdtke: *Historia del léxico románico*. Madrid: Gredos, 1974.

Gerhard Rohlfs: *Estudios sobre el léxico románico*. Madrid: Gredos, 1979.

Actividade específica para o alumno:

Iorgu Iordan & Maria Manoliu: *Manual de lingüística románica*. Madrid: Gredos (1ª ed.: 1972). Tradución de Manuel Alvar.

- Proporcionarase bibliografía complementaria ao comezo da unidade.

Calendario:

Outubro: 21, 27, 28

6. Outros elementos léxicos nas linguas románicas.

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas)

1. Introducción.
 - 1.1. A incorporación de cultismos: latinismos e grecismos.
 - 1.2. Os intercambios mutuos entre os diferentes romances.
2. Os cultismos.
 - 2.1. Latinismos.
 - 2.1.1. Fases máis importantes na entrada de latinismos na Romania occidental.
 - 2.1.1.1. A Idade Media.
 - 2.1.1.2. O Renacemento.
 - 2.1.1.3. O século XIX.
 - 2.1.2. O illamento da civilización latina occidental do romanés ata o séc. XVIII.
 - 2.1.3. Criterios para identifica-los latinismos cultos nas principais linguas románicas.
 - 2.1.3.1. Criterios fonético, semántico, morfolóxico, acentual e cultural.
 - 2.1.3.2. Os “dobletes” nas linguas románicas.
 - 2.2. Grecismos.
 - 2.2.1. Terminoloxía científica en xeral.
 - 2.2.2. Carácter internacional.
 - 2.2.3. Entran a partir do século XVIII.
3. Intercambios recíprocos entre as propias linguas románicas.
 - 3.1. Préstamos doutras linguas románicas ó italiano.
 - 3.1.1. Galicismos e occitanismos.
 - 3.1.1.1. Asimilados entre os séculos VIII e XIV.
 - 3.1.1.2. Incorporados a partir do século XVIII.
 - 3.1.2. Castelanismos.
 - 3.1.3. Indixenismos americanos introducidos a través do castelán.
 - 3.2. Préstamos doutras linguas románicas ó francés.
 - 3.2.1. Occitanismos nos séculos XII e XIII.
 - 3.2.2. Italianismos.
 - 3.2.2.1. Incorporados durante o Renacemento.
 - 3.2.2.2. Introducidos nos séculos XVII e XVIII.
 - 3.2.3. Castelanismos (séc. XVI).
 - 3.2.4. Indixenismos americanos incorporados a través do castelán.
 - 3.3. Préstamos doutras linguas románicas ó castelán.
 - 3.3.1. Galicismos.
 - 3.3.1.1. Asimilados durante a Idade Media. Importancia do Camiño de Santiago, ordes monásticas, literatura, etc.
 - 3.3.1.2. Incorporados no xéc. XVIII.
 - 3.3.1.3. Entrados ó longo do séc. XIX.
 - 3.4. Préstamos doutras linguas románicas ó romanés: galicismos e italianismos.

SESIÓNS INTERACTIVAS (2 horas)

Dedicaranse a que o alumno se familiarice co gran número de cultismos comúns ás distintas linguas da Romania occidental

Actividade para cada alumno:

Cada alumno fará un pequeno traballo sobre os galicismos no léxico do galego e a posible importancia do Camiño de Santiago e das Ordes monásticas nesta incorporación.

Lecturas recomendadas :

Iorgu Iordan & Maria Manoliu: *Manual de lingüística románica*. Madrid: Gredos (1ª ed.: 1972). Tradución de Manuel Alvar.

Tagliavini: *Orígenes de las lenguas neolatinas*. 6ª ed. F.C.E., 1993.

Facilitarase bibliografía específica ao comezo da unidade

Calendario

Outubro: 28

Novembro: 3, 4

NOTA:

O día 4 de novembro dedicarase unha hora a resolver cuestións que quedaran pouco claras correspondentes aos 6 primeiros temas.

7. Procedementos de formación de palabras nas linguas románicas: a derivación.

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas)

1. Introducción.

- 1.1. A formación de palabras: nexos entre a gramática e o vocabulario.
- 1.2. Tipoloxía da formación de palabras.

2. A derivación.

2.1. Introducción.

2.2. A sufixación.

- 2.2.1. Sufixos latinos produtivos e non produtivos.
- 2.2.2. Orixe e evolución semántica nas linguas románicas dos sufixos produtivos latinos.
 - 2.2.2.1. A formación substantiva.
 - 2.2.2.1.1. Diminutivos: *-ic(u)lus*, *-uc(u)lus*, *-eolus*, *-ellus*.
 - 2.2.2.1.2. Aumentativos: *-ac(u)lus*, *-aceus*, *-oceus*, *-one*.
 - 2.2.2.1.3. Colectivos: *-alia*, *-amen* (e variantes), *-mentum*, *-etum*.
 - 2.2.2.1.4. Nomes de axente: *-tor*, *-torius*, *-arius*.
 - 2.2.2.1.5. Abstractos: *-ura* (e variantes), *-tas*, *-tione*, *-antia*, *-entia*, *-ale*.
 - 2.2.2.2. Formación adxectiva.
 - 2.2.2.2.1. Sufixos *-bilis*, *-alis* (*-ilis*), *-anus*, *-inus* e *-osus*.
 - 2.2.2.2.2. Outros sufixos: *-atus*, *-utus*.
 - 2.2.2.3. Formación substantiva e adxectiva.
 - 2.2.2.4. Formación verbal: *-icare*, *-idiare*, *-scere*.
- 2.2.3. Orixe e evolución semántica nas linguas románicas dos sufixos produtivos non latinos.
 - 2.2.3.1. Xermánicos: *-ald*, *-ing*, *-ard*, *-iscus*.
 - 2.2.3.2. Eslavos: romanés *-ac*, *-(a)ci*, *-ar*, *-as*.
 - 2.2.3.3. Ibéricos: *-orru*.
 - 2.2.3.4. Celtas: *-icu*.
 - 2.2.3.5. Arabes: *-í*.

2.3. A prefixación.

2.3.1. Morfemas latinos que soamente funcionan como prefixos.

- 2.3.1.1. Prefixos: *a-*, *ante-*, *anti-*, *archi-*, *bi-*, *extra-*, *in-*, *re-*, etc.
- 2.3.1.2. Significación nas linguas románicas.

2.3.2. Morfemas que á parte de prefixos teñen outras funcións: preposicións e adverbios latinos.

SESIÓNS INTERACTIVAS (2 horas)

Facendo uso de dicionarios inversos, examínase a importancia que ten o sufixo –ARIU, -ARIA na formación do léxico tanto culto como popular das linguas románicas, e os distintos valores semánticos que este sufixo engade ás bases no proceso de derivación.

Lecturas recomendadas:

Iorgu Iordan & Maria Manoliu: *Manual de lingüística románica*. Madrid: Gredos (1ª ed.: 1972). Tradución de Manuel Alvar.

Väänänen, V.: *Introducción al latín vulgar*. Madrid: Gredos, 2003.

- Facilitarase bibliografía específica ao comezo da unidade

Calendario:

Novembro: 10, 11, 17

8. Procedementos de formación de palabras nas linguas románicas: a composición. Outros procedementos para a formación de palabras.

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas)

1. A composición.

1.1. Natureza da composición.

1.2. Características dos compostos: acento, posición do determinante, xénero e número.

1.3. Tipoloxía da composición.

1.3.1. Substantivo + substantivo.

1.3.2. Substantivo + adxectivo.

1.3.3. Adxectivo + adxectivo.

1.3.4. Adxectivo + adverbio.

1.3.5. Substantivo e verbo.

1.3.5.1. Tipo latino : substantivo + tema verbal (*agricola*).

1.3.5.2. Tipo romance: verbo + substantivo (*lavamáns*).

1.3.6. Verbo + adverbio.

2. Prefixoides e sufixoides.

2.1. Introducción.

2.1.1. ¿Derivación ou composición?

2.1.2. Orixe culta: grega e latina.

2.2. Prefixoides nas linguas románicas.

2.2.1. Significado primario e secundario nos prefixoides homófonos: *auto-*, *foto-*, *radio-*.

2.2.2. Prefixoides como palabras autónomas: *auto*, *dinamo*.

2.3. Sufixoides: *-forma*, *-metro*, *-via*.

3. Deverbais sen sufixo.

3.1. Situación en latín clásico.

3.2. Situación nas linguas románicas.

4. Outros procedementos modernos para a formación de palabras.

SESIÓNS INTERACTIVAS (2 horas)

As sesións interactivas estarán dedicadas fundamentalmente ao recoñecemento, análise e estudo da composición verbo + substantivo.

Lecturas recommentadas:

Iorgu Iordan & Maria Manoliu: *Manual de lingüística románica*. Madrid: Gredos (1ª ed.: 1972). Tradución de Manuel Alvar.

- Facilitarase bibliografía específica ao comezo da unidade

Calendario:

novembro: 18, 24, 25

9. As principais obras lexicográficas na historia da lingüística románica. Os traballos terminolóxicos nas linguas románicas.

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas)

1. As glosas e glosarios
 - 1.1. Glosas de Kassel
 - 1.2. Glosas de Reichenau
 - 1.3. Etymologiae de San Isidoro
 - 1.4. Liber Glossarum
 - 1.5. Glosas silenses e Glosas emilianenses.
2. O léxico nas gramáticas medievais
 - 2.1. Provençais: Raimon Vidal: *Las rasos de trobar*. Uc Faidit: *Donatz proensals* (rimario).
 - 2.2. Francesas: Walter de Bibesworth: *Aprise de la langue françoise* (ingles, séc. XIV)
 - 2.3. Península Ibérica: Luys d'Averçó: *Torcimany* (fins XIV?; diccionario rima; repertorio lexicográfico do cat.)
3. Séc. XVI
 - 3.1. Italia: Liburnio (*Le tre fontane*, 1526). Lucillo Minerbi (*Vocabolario*, 1535); Fabrizio Luna (*Vocabulario di cinque milla vocabuli Toschi*, 1536). Outros vocabularios e rimarios.
 - 3.2. Francia: H. Estienne
 - 3.3. España: Juan de Valdés
4. Séc. XVII
 - 4.1. Italia: Accademia della Crusca (1582 -). Ottavio Ferrario (*Origenes Linguae italicae* (1676).
 - 4.2. Francia: Gilles Menage (1613-1692). Du Cange (1610-1688). Pichelet: *Dictionnaire françois* (Xenebra). A. Furetière (*Dictionnaire universalcontenant generalement tous les mots françois, tant vieux que ...*).
 - 4.3. España: Covarrubias.
5. Séc. XVIII
 - 5.1. Francia: Sainte-Pelaye (*Dictionnaire historique de françois ou glossaire de la langue françoise depuis son origine jusqu'au siècle de Lous XIV*). Lacombe (primeiro diccionario de francés antigo, 1767). Barbazan (*Dissertation sur l'origine de la langue françoise. Essai sur les étymologies*). Encyclopédie (1751-1787).
 - 5.2. Italia
 - 5.2.1. 4ª edición do Diccionario da Academia della Crusca (1729-1738)
 - 5.2.2. Pietro Bergantini: *Della volgare ilocuzione illustrta* (1740), *Voci italiane d'autori aprovati dalla Crusca nel...*
 - 5.2.3. Francesco D'Alberti di Vallanuova: *Dizionario universale critico enciclopedico* (1797-1805).
 - 5.3. España
 - 5.3.1. Real Academia Española
 - 5.3.2. Mayáns i Siscar
 - 5.3.3. O Padre Sarmiento
 - 5.4. Portugal

- 5.4.1. *Vocabulario harmónico da lingua portuguesa e de outras muitas nas cousas e açoes próprias do estudo primitivo do homem* (2 vols.)
- 5.4.2. Bluteau (1638-1734): *Vocabulario portugês e latino...*, 8 vols.
- 5.4.3. Academia das Sciencias: *Diccionario da língua portuguesa* (1789, letra A).
- 5.4.4. Morais Silva: *Diccionario da língua portuguesa* (1789).
- 5.4.5. Santa Rosa de Viterbo: *Elucidário*.
- 5.4.6. Joao Pedro Ribeiro.
- 5.4.7. Joao de Sousa.
6. Algunhas calas na lexicografía románica do séc. XIX. Diez: *Etymologisches Wörterbuch der romanischen Sprachen*
7. Meyer Lübke: *Romanisches etymologisches Wörterbuch*. W. von Wartburg: *Französisches etymologisches Wörterbuch* (FEW). Corominas. Outros dicionarios etimolóxicos.
8. A terminoloxía nas linguas románicas. Principais organismos e asociacións. Obras terminolóxicas de carácter románico.

SESIÓNS INTERACTIVAS (2 horas)

Nas sesións interactivas realízaranse dúas actividades: a) familiarización co manexo dalgún dos dicionarios etimolóxicos máis importantes (Meyer-Lübke, FEW, Corominas, etc.); recadar información a través de Internet sobre os principais organismos terminolóxicos nos países románicos.

Lecturas recomendadas:

- IORDAN, I.: *Lingüística Románica. Evolución, corrientes, métodos*. Madrid: Alcalá, 1967 (tr. M. Alvar).
- CABRÉ, M. Teresa: *La terminología. La teoría, els mètodes, les aplicacions*, Barcelona: Empúries, 1992.
- SAGER, Juan C.: *A Practical Course in Terminology Processing*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, 1990.

Proporcionarase bibliografía complementaria ao comezo da unidade.

Calendario:

Novembro: 25
Decembro: 1, 2

10. Os dicionarios. Tipos. Elaboración. A definición lexicográfica. O corpus con finalidade lexicográfica.

CLASES EXPOSITIVAS (5 horas)

1. Proposta de clasificación tipolóxica.

- 1.1. Dicionarios semasiolóxicos e onomasiolóxicos.
- 1.2. Os dicionarios ideolóxicos.
- 1.3. Dicionarios enciclopédicos e non enciclopédicos.
- 1.4. Dicionarios xerais e especiais.
- 1.5. Dicionarios monolingües, bilingües e polilingües.
- 1.6. Dicionarios dialectais.
- 1.7. Dicionarios inversos.
- 1.8. Dicionarios de sinónimos e antónimos.
- 1.9. Dicionarios de frecuencias e outros.

2. Elaboración.

2.1. Fontes

2.1.1. Distinto tipo de fontes

2.1.2. . A utilización do corpus na elaboración de dicionarios. As concordancias. A lematización.

2.2. Macroestrutura e microestrutura

2.3. A definición lexicográfica

2.3.1. Tipos de definición

2.3.1.1. Definición enciclopédica.

2.3.1.2. Definición lexicográfica.

2.3.1.3. Definición híbrida.

2.3.1.4. Definición sinonímica.

2.3.1.5. Definición perifrástica.

2.3.2. Principios teórico-prácticos da definición lexicográfica.

2.3.2.1. Principio de identidade categorial.

2.3.2.2. Principio de identidade funcional.

2.3.2.3. Principio de substitución.

2.3.2.4. Principio de identidade de contidos.

2.3.3. A ordenación das acepcións.

SESIÓNS INTERACTIVAS (4 horas)

O alumno familiarizarase co manexo directo dos distintos tipos de dicionarios, e de maneira especial cos bos dicionarios de lingua, onde se examinarán as clases de definicións e o grao de cumprimento das esixencias que debe cumprir a definición lexicográfica.

Lecturas recomendadas:

PORTO DAPENA, J. A.: *Manual de técnica lexicográfica*. Madrid: Arco/Libros, 2002.

DUBOIS, Jean e Claude: *Introuduction à la lexicographie: le dictionnaire*. Paris: Larousse, 1971.

WOTJAK, Gerd (ed.): *Estudios de lexicología y metalexigrafía del español actual*, Tübingen: Niemeyer, 1992.

Proporcionarase bibliografía complementaria ao comezo da unidade.

Calendario:

Decembro: 9, 15, 16, 22

Xaneiro: 12, 13.

5. Indicacións metodolóxicas e atribución de carga ECTs:

Cada semana terá clases teóricas e clases prácticas e/ou seminarios. Nas sesións teóricas o teu profesor proporcionará a información básica para que comprendas a complexidade de achegas de distinta orixe na formación do léxico (e do seu significado) das linguas románicas. As clases prácticas e os seminarios permitirán entrar en contacto directo con exemplos que che facilitarán a comprensión da unidade fundamental do léxico románico de orixe latina, pero tamén contrastalos con outros nos que se mostra precisamente a diverxencia léxico-semántica que se produciu nas distintas zonas da Romanía. As clases prácticas tamén che facilitarán o contacto directo e a familiarización cos principais instrumentos (dicionarios, atlas lingüísticos...) que che permitirán coñecer en profundidade o léxico das linguas románica.

Materia de 6 créditos ECTs (6 x 25 = 150 horas de carga de traballo para o alumno)

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Deste conxunto, 75 horas (50%) dedicarase a traballo dirixido pola profesora e as outras 75 horas (50%) a traballo autónomo por parte dos alumnos para completar os coñecementos e habilidades traballados na clase. As horas de traballo dirixido distribuiranse en 54 de actividades formativas presenciais (o que supón o 36% do traballo total) e 21 (14% do total) de actividades dirixidas non presenciais.

actividades	horas presenciais	horas non presenciais	traballo autónomo	TOTAL
Clases expositivas	25	-	35	60
Clases interactivas	23	21 (TD)	40	84
Tutorías	3	-	-	3
Sesións de avaliación	3	-	-	3
TOTAL	54	21	75	150

O profesor aconséllache que procures dedicar unhas 6 horas semanais á preparación desta materia.

6. Indicacións sobre a avaliación :

Calendario oficial de exames:

A data oficial, establecida pola Facultade de Filloxía, para o exame final correspondente á convocatoria de xaneiro é a de 23 de xaneiro de 2012, ás 09:00 horas na aula 4.

A data oficial, establecida pola Facultade de Filloxía, para o exame final correspondente á convocatoria de xullo desta materia é o 4 de xullo de 2012, ás 09:30 horas na aula 14.

Aspectos que se terán en conta na avaliación e criterios que se empregarán:

Teranse en conta TODAS as túas achegas e o teu traballo ao longo do curso. Tomarase nota na túa ficha de todas as actividades nas que participes, tanto individuais coma en grupo, escritas como orais. No seguinte cadro ofrecémosche un cómputo do peso que terá cada aspecto do teu traballo na cualificación final:

Aspecto	Criterios	Instrumento	Peso
Asistencia e Participación	-Participación nas clases prácticas, seminarios, debates, titorías programadas, etc.	Observación e notas do profesor (fichas)	30%
Actividades e traballos escritos obligatorias	-Entrega de las actividades segundo as condicións establecidas e o prazo previsto.. -En cada actividade avaliarase a madurez e o grao de corrección en todos os aspectos.	Actividades entregadas ao profesor.	30%
Dominio da materia, tanto dos contidos teóricos coma dos prácticos	-Dominio dos conceptos da materia. -Visión global da materia.	Exame final	40%

Recomendacións en caso de recuperación en xullo:

Se por algunha razón non puidiches superar a materia en xaneiro ou se decidiches presentarte na convocatoria de xullo, teranse en conta igualmente os traballos presentados ao longo do curso. Se estes foron avaliados insatisfactoriamente, debes poñerte en contacto co profesor para redeseñar as actividades realizadas ou ben para establecer outras novas que poidan cubrir o 30% da nota final.